

AXUDAS LEADER CONVOCATORIA 2021-2022



GDR
ULLA TAMBRE MANDEO

GDR Ulla Tambre Mandeo

PROGRAMA LEADER: PROXECTOS FINANCIADOS

Proxectos aprobados na convocatoria de axudas 2020-2021 que xustificaron no 2022 por ter concedida unha prórroga

Concello	Título	Promotor	Orzamento executado	Portentaxe de axuda	IMPORTE AXUDA 2021	IMPORTE AXUDA 2022	TOTAL
Santiso	Complejo turístico-gastronómico-cultural O Remanso de Cosme	Ana Mouriño	70.865 €	39,85%	14.119 €	8.161 €	22.280 €

Proxectos aprobados na convocatoria de axudas 2021-2022

Concello	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda	IMPORTE AXUDA 2021	IMPORTE AXUDA 2022	TOTAL
Toques	A Casa do Crego. Casa Reitoral de Santo Estevo, Villamor	Dalia García Couso	373.499,24 €	46,60%	55.935 €	118.114 €	174.049 €
Sobrado	Pensión en Sobrado	Sancal S.L.	186.240,16 €	39,14%	141.965,37 €	55.565,25 €	55.565 €
O Pino	Centro de día en O Pino (RENUNCIOU)	Concello de O Pino	877.617,57 €	22,79%	82.784 €	82.784 €	165.568 €
Sobrado	Centro de día en Sobrado (NON EXECUTOU)	Concello de Sobrado	348.572,37 €	57,38%	63.506 €	66.098 €	129.604 €
Melide	Adquisición de equipamento para alfabetización dixital no rural	Asoc. Mulleres Rurais Alecrín	2.994,02 €	68,04%	2.037 €	- €	2.037 €
Vilasantar	Creación dun punto verde para xestión local e sostible de materia orgánica	Mel Finca Orgániza SCG	59.833,50 €	63,79%	3.816 €	34.351 €	38.167

Proxecto turístico-gastronómico cultural O Remanso de Cosme (Santiso)

Este proxecto solicita prórroga, polo que se xustificará e poñerá en marcha en abril de 2022. O proxecto consiste na posta en marcha dun complexo de servizos entre os que se contan: servizo de comida a domicilio con exaltación de produtos agroalimentarios locais e ecolóxicos; exposición e comercio polo miúdo de produción agroalimentaria local e restauración no propio local. O GDR, en función das súas limitacións sectoriais, acepta como subvencionable o importe proporcional ó espazo destinado á exposición e venda de produtos locais e o 50% do orzamento (obra civil e equipamento) destinado a cociña, para o servizo de catering, xa que o restaurante non é financiable a través de Leader.

Postos de traballo: creación: 2



A Casa do Crego. Casa Reitoral de Santo Estevo, Villamor (Toques)

Rehabilitación dunha edificación abandonada tradicional, a pé do Camiño Primitivo para a creación dunha pensión de 3 habitacións (6 prazas). Ó estar situada no Camiño Primitivo no Concello de Toques, cubre unha zona que ata o de agora carecía do servizo de aloxamento para os peregrinos, facendo moi longas etapas para os camiñantes. Ademais a casa ofrece a posibilidade de alugueiro de bicicletas (6) MTB co fin de convidar ao visitante á desfrutar do aloxamento, da gastronomía e do entorno da Terra de Melide e habilita un espazo como tenda de produtos agroalimentarios que enviará a domicilio, para que os camiñantes poidan gozar deles no seu fogar, sen ter que cargalos na mochila.

Nesta anualidade 2021 a promotora solicita un anticipo. A obra farase integramente no 2022.

Postos de traballo: creación: 1



Creación dun punto verde para xestión local e sostible de materia orgánica

Interesante proxecto innovador que valoriza un residuo, o lixo orgánico de restaurantes, supermercados e vivendas, dándolle valor na explotación da entidade promotora, como compost. Por unha banda, redúcese o lixo a tratar polo concello e demais entidades, redúcense tamén as distancias que este lixo recorre a diario, baixando considerablemente a pegada de carbono, e ademais contribúe de forma indirecta a mellorar a rendibilidade da explotación gandeira e hortícola da cooperativa, ó dotala de compost.

Este proxecto vai na liña dos obxectivos ambientais do GDR, e supón a aparición dun novo modelo de xestión de residuos, en liña cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible de Nacións Unidas, polo que consideramos fundamental apoiar este tipo de iniciativas, arriscadas e difíciles de avaliar, por novidasas, pero moi interesantes como efecto demostración e proxecto piloto para un desenvolvemento sostible do medio rural galego.



Pensión en Sobrado (Sobrado)

Rehabilitación dunha edificación abandonada dedicada antigamente a vivenda e negocio familiar, moi próxima ó edificio do Concello de Sobrado, en pleno centro urbano e Camiño Norte. A promotora rexenta unha cafetería e, con este negocio de aloxamento, pecha o círculo duna actividade de atención a visitantes e peregrinos. Conta con cinco habitacións dobres, unha delas totalmente accesible, así como cun punto de exhibición e venda de produción agroalimentaria local e ecolóxica. A promotora recibiu a resolución de axuda en novembro do ano 2022, máis contaba coa obra case rematada, polo cal, con esforzo e moita profesionalidade conseguiu xustificar axeitadamente en decembro de 2022.

Postos de traballo: creación, contratación de colectivos desfavorecidos: 1

